



CONSTRUIR A PAZ. CULTURA PARA A PAZ.

Desde a mirada global e multidisciplinar da paz, tanto desde o punto de vista do pensamento como da creación artística e literaria, o Proxecto galego **Construir a paz. Cultura para a paz**, promovido polo grupo EDUCADORES/AS POLA PAZ da asociación pedagóxica NOVA ESCOLA GALEGA e coordinado por Xesús R. Jares, quere facilitar ao conxunto da cidadanía un proceso de alfabetización nos contidos e valores dunha cultura de paz, comezando pola recuperación da propia idea de paz, tantas veces reclamada como manipulada.

Nesta iniciativa queremos levar a cabo os tres niveis de achegamento á paz: a investigación, a acción e a educación para a paz. A **investigación**, en canto reúne os traballos dos máis prestixiosos especialistas do Estado español e de outras partes do mundo neste campo. A **acción**, en canto que co libro pretendemos fundamentalmente dúas cousas; por unha banda, divulgar e sensibilizar ao conxunto da poboación verbo dunha cultura de paz (a través tanto das páxinas do libro como dos actos de presentación do mesmo por toda a xeografía galega); por outra banda, o libro vai ser unha iniciativa importante de recollida de diñeiro para a solidariedade. A **educación**, porque a través das súas páxinas vaise intentar chegar a tódo-los centros de ensino de Galicia e ao maior número posible de fogares.


Máis concretamente o Proxecto comprende tres dimensións fundamentais:

- **A sensibilizadora e educativa**, a través da difusión das ideas e valores dunha cultura de paz.

- **A cultural**, a través do libro, da Exposición itinerante dos orixinais da parte plástica e máis dos actos de presentación do libro.

- **A solidaria**, recollida de fondos para a solidariedade a través da venda do libro e máis da obra plástica da Exposición.

Desde a súa fundación no ano 1983, o grupo **EDUCADORES POLA PAZ** da asociación pedagóxica



NOVA ESCOLA GALEGA, desenvolve unha intensa actividade nos campos da investigación, a acción e, especialmente, a educación para a paz. EDUCADORES/AS POLA PAZ é un pequeno grupo de profesores e profesoras dos diferentes niveis educativos, integrado en NOVA ESCOLA GALEGA. Fundado no ano 1983, é o primeiro grupo que conxuga en Galicia o binomio paz-educación, e un dos pioneiros do Estado. Entre as actividades que desenvolve reseñamos, a organización desde o curso 1983-84 de diferentes xornadas de Educación para a Paz; a impartición de cursos para o profesorado; a organización dos Encontros

Galegos e Galego-Portugueses de educadores pola paz; a publicación de diversos libros e material didáctico sobre educación para a paz, xogos cooperativos e resolución de conflitos; a introducción en Galicia da celebración do Día escolar pola Paz (30 de xaneiro); a edición do boletín informativo **NOVAPAZ**; etc.

NOVA ESCOLA GALEGA é un Movemento de Renovación Pedagóxica que, como Educadores pola Paz, é independente de calquer grupo político, relixioso, sindical ou empresarial, que, ademais de difundir a Educación para a Paz, ten como finalidade a defensa da escola pública, a renovación pedagóxica, a democratización dos centros e a galeguización do ensino. Entre as diferentes actividades que desenvolve -xornadas, congresos, edición de materiais didácticos,

documentos, etc.-, reseñamos a publicación da **Revista Galega de Educación**.

Desde o inicio das nosas actividades estamos a impulsar un concepto positivo de paz. En efecto, a paz non a asociamos como antítese da guerra senón ao de violencia (a guerra non deixa de ser un tipo de violencia organizada). E a violencia non é samente a violencia física, directa senón tamén as chamadas violencias estruturais que están presentes nas sociedades, dentro e entre estados. Por eso cando falamos de paz, estamos a pensar nas desigualdes de poder; nas oportunidades de vida distintas; na distribución desigual dos recursos; etc. En definitiva, a idea de paz aparece inexorablemente unida á de xusticia; desenvolvemento; solidariedade; dereitos humanos; liberdade; democracia; etc.

I. O LIBRO CONSTRUIR A PAZ. CULTURA PARA A PAZ.

O Proxecto ten o seu fundamento no libro **CONSTRUIR A PAZ. CULTURA PARA A PAZ**, editado por Edicións Xerais. Varias son as razóns que nos levaron a facer este libro. A primeira ven dada pola constatación dunha falta de información e formación sobre os grandes temas que afectan a unha cultura de paz, detectadas no transcurso da nosa actividade durante estes anos con distintos sectores sociais. Ademais, ao intentar paliar esta situación sempre nos atopámbamos coa falta dunha publicación que, de forma integrada e rigurosa, aínda que fuxindo de tecnicismos e aparatos bibliográficos, abordase os grandes dilemas dunha cultura de paz. Por conseguinte, o libro non quere ser un libro para especialistas, senón que está orientado ao conxunto da cidadanía. Noutras palabras, queremos que o libro sexa un instrumento moi importante para levar a cabo un gran **proceso de alfabetización nos valores da paz**. Todo elo desde unha presentación atractiva visualmente.

O libro está composto de tres tipos de colaboracións: a parte de ensaio, a literaria e a plástica. Cada ensaio leva o seu acompañamento literario e plástico. Tal como se pode ver no INDICE do tríptico que adxuntamos, no libro participan os especialistas máis relevantes e personalidades de reconocido prestixio do Estado español e de outras partes do planeta no campo da investigación, acción e máis educación para a paz (sirva como exemplo a participación, entre outros, de catro Premios Nobel da Paz). Xunto a eles, apoian a publicación un número importante de escritores das cinco línguas da península -deste xeito o libro aposta pola pluralidade cultural e línguística-, e a incorporación das diferentes línguaxes plásticas: pintores, fotógrafos, escultores, debuxantes e ilustradores. **En total 113 autores, cuxas aportacións, orixinais e inéditas, dividense en 31 ensaios, 37 colaboracións literarias e 43 obras plásticas.**

En canto ás **temáticas abordadas**, tal como se pode observar no INDICE, presentase unha panorámica global, realmente interdisciplinar, desde os diferentes campos de estudio (Socioloxía; Economía; Filosofía; Pedagogía; Antropoloxía; Relacións internacionais; etc.) e a creación artística (Pintura; Escultura; Fotografía; Ilustración e Literatura), sobre a situación do mundo, os grandes retos e conflitos, así como a construción dun pensamento e as accións levadas a cabo en favor da Paz.

O libro está estruturado en catro capítulos. O Capítulo I, **O mundo no que vivimos. Algún conflitos e retos urxentes**, reúne trece ensaios co común denominador de presentar unha panorámica global do mundo violento, desigual e complexo que nos tocou vivir. O Capítulo II, **Pensar e actuar para construír a paz**, presenta noutros trece ensaios, diversas reflexións e propostas de intervención, algunhas delas xa levadas á práctica ou que se están a aplicar na actualidade, sobre as diferentes formas de construír a paz, sabendo que, como dicía Gandhi, a paz non é unha meta, a paz é o camiño. O Capítulo III, **Se queres a paz, ... educa para a paz**, abrangue cinco ensaios, nos que se abordan diferentes aspectos e componentes da educación para a paz, as propostas que se teñen feito, a súa relación co currículo e as prioridades para os xoves do 2000. O Capítulo IV, **Literatura infantil**, reúne seis textos literarios e as súas correspondentes ilustracións dirixidos aos máis cativos e cativas; é unha proposta concreta de traballo para que, desde a primeira infancia, aprendan a imaxinar e soñar coa paz. É de reseñar que ao final de cada ensaio aparece unha sección denominada «Para saber máis», onde cada autor selecciona a bibliografía básica para aquelas persoas que queiran profundizar no tema.

II. UN PROXECTO CULTURAL

Que o concretamos en tres aspectos:

- O propio libro, como obxecto cultural en sí mesmo e como medio difusor de cultura, do que xa falamos.
- Os actos de presentación do libro por toda a xeografía galega.
- A exposición itinerante co mesmo título do libro e cos orixinais da parte plástica.

a) ACTOS DE PRESENTACION DO LIBRO

Desde o primeiro momento tivemos claro que o libro tiña que combinar o intento de facer actos de difusión masivos coa calidade cultural dos mesmos. Sobre o primeiro pensamos en aforos de gran capacidade e inusuais para a presentación de libros, como poden ser teatros ou centros culturais. Respecto do segundo, pensamos nun tipo de acto que combinase a palabra dos ensaistas (de forma moi breve e a xeito de entrevista) coa palabra dos literatos (lendo os textos que están no libro), xunto con diferentes actuacións musicais. Todo elo conducido por un presentador ou presentadora, facendo de cada acto, como dicimos, un auténtico e xenuino produto cultural. Os actos e lugares onde se ten presentado o libro son:

A CORUÑA

O primeiro acto de presentación tivo lugar o 22 de novembro de 1996 no **Teatro Rosalía de Castro da Coruña**. Interviron, na parte de ensaio: Margarita Ledo Andiñón; Miguel Cancio; Xulio Ríos e Jurjo Torres. Na parte literaria: Miguel Anxo fernán-Vello; Ana Romaní; Xulio Valcárcel; Fran Alonso; Marilar Aleixandre e José Angel Valente. Na parte musical: Cantigas e Agarimos; Uxía; Nani Garcia e Carmen Rey; pechando o acto Berrogüetto. A presentación estivo a cargo de Alfonso Hermida (TVG). Tamén interviron, Manuel Bragado (Director de Xerais) e Xesús R. Jares. Aforo do teatro 620 localidades: cheo.



Presentación Teatro Rosalía de Castro (Coruña)
"Cantigas e Agarimos"
Foto: Marga Sampaio

VIGO

O segundo acto de presentación tivo lugar no **Teatro do Centro Cultural Caixavigo** en Vigo, o día 3 de decembro. Interviron, na parte de ensaio: Miguel Cancio; Xulio Ríos e Jurjo Torres. Na parte literaria: Miguel Anxo Fernán-Vello; Xulio Valcárcel; Fran Alonso; Marilar Aleixandre; Xosé M^a Alvarez-Cáccamo; Ramiro Fonte; Xabier Rodríguez Baixeras e Román Raña. Na parte musical: Carlos Nuñez; Nani Garcia Cuarteto e Emilio Cao. A presentación estivo a cargo de Antón Reixa. Tamén fixeron uso da palabra Manuel Bragado (Director de Xerais) e Xesús R. Jares. Aforo do teatro 950 localidades: cheo.



Presentación Teatro Centro Cultural Caixavigo (Vigo)
"Nani García Cuarteto"
Foto: Marga Sampaio

BUEU (Pontevedra)

O terceiro acto de presentación tivo lugar na **Casa da Cultura de Bueu** (Pontevedra), o día 22 de decembro, e organizado polas asociacións culturais do Concello de Bueu: Danzadeira, As Lagoas, Amigos da Biblioteca e O Rebolo. Interviron, o fotógrafo Mundo Cal, Xesús R. Jares, a poetisa local Lucía Novas que leu dous poemas do libro e as actuacións musicais do cuarteto Folk-Fusion e a coral Quod Libet, ambas de Bueu. Foi presentado por Begoña Otero. Aforo de 180 localidades: cheo.

CANGAS DO MORRAZO (Pontevedra)

O cuarto acto de presentación tivo lugar na **Sala de Expresión de Cangas do Morrazo** (Pontevedra), o 25 de xaneiro de 1997. Interviron os poetas Xosé M^a Alvarez-Cáccamo e Fran Alonso, e a intervención do Concelleiro de Cultura Xosé Manuel Pazos. A parte musical estivo a cargo dos pianistas Xosé Pumas e Alexandre Ríos, e o grupo de música tradicional Xábega. Tamén interviron Manuel Bragado (Director de Xerais) e Pedro Cuadrado (Educadores pola Paz). Foi presentado por Xosé Manuel González (Oli). Aforo de 80 localidades: cheo.

PROXIMOS ACTOS DE PRESENTACION

Ademáis destes actos xa realizados, informamos a continuación dos ACTOS DE PRESENTACION QUE TERAN LUGAR NOS PROXIMOS MESES:

OLEIROS, 21 de febreiro.

O día 21 de febreiro ás 20,30 h. nas Torres de Sta. Cruz (Oleiros), terá lugar o seguinte acto de presentación, coa intervención dos escritores Xulio Valcárcel, Miguel Anxo Fernán-Vello, Pilar Pallarés e Xabier P. Docampo. As intervencións musicais serán de Nani García; Uxía; e a banda de gaitas Frouma de Oleiros. Será presentado por Oscar Losada.

OURENSE, 10 de marzo.

En Ourense será presentado no Teatro Principal ás 20,30 h. do día 10 de marzo. Como nos actos anteriores intervirán poetas e ensaistas do libro. Na parte musical actuarán, entre outros, Mutanroih; Bate certo; Na Lúa; e outra actuación por confirmar. Será presentado por Sergio Pazos.

FERROL, 14 de marzo.

O 14 de marzo será o día de presentación en Ferrol, no Teatro Jofre ás 20,30 h. coa intervención de diversos poetas e ensaistas do libro. A parte musical estará a cargo de María Manuela, Xoan Rubia, Cempés e outra actuación por confirmar. Será presentado por Xulia López (Cope).

POIO, 18 de abril

En Poio (Pontevedra) será presentado no transcurso do XI ENCONTRO GALEGO E IV GALAICO-PORTUGUES DE EDUCADORES POLA PAZ (18-20 de abril).

PONTEVEDRA, 14 de abril

En Pontevedra será presentado no Teatro Principal ás 20,30 h. do día 14 de abril. Como nos actos anteriores intervirán poetas e ensaistas do libro, e diferentes actuacións musicais.

SANTIAGO, 29 de abril

En Santiago será presentado no Teatro Principal ás 20,30 h. do día 29 de abril. Como nos actos anteriores intervirán poetas e ensaistas do libro, e diferentes actuacións musicais. Neste acto pecharemos este periplo.


Como podedes ver faise a presentación en todas as capitales galegas agás Lugo, onde seguimos intentando levar este Proxecto. Aínda agardamos poder facelo.

b) EXPOSICION ITINERANTE

Por outro lado, en diversas cidades galegas estamos a levar a **exposición itinerante «Construir a paz. Cultura para a paz»**, cos orixinais da obra plástica do libro. En efecto, no caso dos artistas plásticos - pintores, fotógrafos, escultores, debuxantes e ilustradores- a obra inédita que se fai para o libro, de técnica libre, conforma dita **exposición itinerante**. Ademáis da exposición, a obra está a venda cedendo cada artista o 100% ou o 50% do valor da venda. Nun e noutro caso os fondos irán a engrosar os que se obteñan pola venda do libro para os proxectos de solidariedade. Os lugares onde estivo ou vai estar a exposición son os seguintes:

1. Estacion Marítima da Coruña:

Inauguración, día 19 de novembro. Clausura o 15 de decembro.



Exposición na Estación Marítima da Coruña
Foto: Marga Sampaio

2. Casa das Artes de Vigo:

Inauguración día 18 de decembro. Clausura o 2 de febreiro.

3. Centro Cultural Municipal de Ferrol:

Inauguración día 4 de febreiro. Clausura o 25 de febreiro.

4. Museo Municipal de Ourense:

Inauguración día 27 de febreiro. Clausura o 14 de marzo do 97.

Ademáis destas cidades estamos a xestionar o levar a Exposición a Pontevedra, Oleiros e Lugo.

c) DIFUSION DO GALEGO

O libro está a permitir, tamén, que persoas e autores de recoñecido prestixio do Estado español e do resto do planeta poidamos lelos por primeira vez en galego, e, ao mesmo tempo, dada a diversidade de procedencias xeográficas das autoras e autores, así como dos contactos do grupo EDUCADORES POLA PAZ, o libro estase a espallar na nosa língua en todo o mundo.

SOCIEDAD 40
Atlántico Miércoles, 4 de diciembre de 1996

Caixavigo se llenó para ver el festival de lanzamiento del libro 'Construir a Paz'

El volumen, editado por Xerais para "apoyar proyectos socioeducativos", ya está a la venta

El auditorio de Caixavigo se llenó ayer para presenciar el festival organizado por Xerais a fin de promocionar el libro de esta editorial 'Construir a Paz. Cultura para a Paz'. Las entradas, gratuitas, ya se habían agotado hace varios días, a excepción de unas decenas de ellas, que se despacharon ayer mismo. Presentado por el popular Antón Reixa, el festival

reunió a los músicos Tomás Camacho, Carlos Núñez, N García Cuarteto y Emilio Cao. Los beneficios derivarán de 'Construir a Paz. Cultura para a Paz' se destinarán a una asociación que, según Xerais, haya sobresalido por su compromiso en pro de la paz. Tres asociaciones candidatas hoy: 'mejicana, otra brasileña y otra salvadoreña.

La presentación de «Construir a paz» llenó el aforo de Caixavigo

VIGO. B.R.S. Redacción

«A divisa é sermos cariñosos e subversivos». Con esta frase de Petra Kelly, el polifacético Reixa definía el sentido de la presentación del libro 'Construir a Paz. Cultura para a Paz'.

tando varias piezas para gaita. La lírica, la música y la pedagogía centaron este festival que continuó con las intervenciones, entre otros, de Xulio Ríos, Alberto Estévez, de Amnistía Internacional, el pedagogo Xurxo Torres, y la música de Nani García Cuarteto y Emilio Cao, que puso fin a la

FARO DE VIGO

Sábado, 30 de noviembre de 1996

"Construir a paz", será el más ambicioso libro colectivo hecho en Galicia

EL IDEAL GALLEGO

La muestra "Construir la Paz" reúne obras de los mejores artistas gallegos

20/11/96

La Estación Marítima de La Coruña acoge desde ayer una exposición de arte contemporáneo gallego. Si bien el valor artístico de las obras expuestas es indiscutible, el proyecto tiene un valor social. La colección tiene un carácter pedagógico y se trata de una simbiosis entre las obras de los artistas gallegos y las de otros países. La colección tiene un carácter pedagógico y se trata de una simbiosis entre las obras de los artistas gallegos y las de otros países.

EL MUNDO

ISABEL FOJO

A CORUÑA. A la oferta de objetos de regalo para Navidad se unirá este año un libro producido por el colectivo Educadores pola Paz. Nova Escola de Galicia. La publicación, a punto de salir de la imprenta de la editorial Xerais, es un proyecto inédito en España que reúne en sus páginas las reflexiones de los más pres-

Mil páginas de solidaridad

Escritores y artistas de todo el mundo ceden sus obras a una publicación gallega sobre la paz

Artistas e intelectuales de todo el mundo se unieron en este proyecto, "en defensa de la paz".

JOSE LUIS ALVAREZ A CORUÑA

Más de un centenar de escritores, poetas, artistas y pensadores de todo el mundo se

unieron en torno a un proyecto cultural surgido en Galicia para resaltar los valores de la paz. Se trata de libro "Contribuir a paz. Cultura para a paz", una iniciativa de Xesús Jares, profesor de la Universidad de A Coruña, al que se sumaron desinteresadamente 113 pensadores y creadores, entre ellos cuatro galardonados con el Premio Nobel.

Esta publicación, que editará Xerais, no tendrá ánimo de lucro porque los beneficios que se generen de su venta se destinarán a financiar proyectos solidarios en América Latina y Galicia. El libro incluye 31 ensayos, 37 colaboraciones literarias y 43 reproducciones de obras de arte.

cas que sirvieron para ilustrar esta publicación protagonizarán una exposición itinerante que recorrerá los cuatro capitales gallegos y Madrid, donde sus obras podrán ser adquiridas por los visitantes y la recaudación se destinará a financiar proyectos solidarios en América Latina y Galicia.

6/12/96

ABC

Por fortuna, mi paso por A Coruña me dio otras cosas, presencias íntimas, allegadas, entregados amigos, un generoso acto en el Teatro Rosalía de Castro, donde el muy entrañable Suso Jares hizo actuar a los colaboradores, entre los que me cuento, del libro que ha dirigido en favor de la paz. La intervención de los poetas y de los ensayistas se intercaló con la música del grupo Berrogüetto, las extraordinarias Pandereteiras de Cantigas e Agarimos, la voz sumida en el tiempo de la cantante Uxia, la gaita increíble de Carlos Núñez o las brillantes irrupciones de Nani García y su cuarteto.

Gran afluencia de público al "Acto solidario pola paz" en la Casa de la Cultura

24/12/96

DIARIO DE PONTEVEDRA

El "Acto solidario pola paz" organizado por varias asociaciones culturales del municipio, constituyó el pasado domingo un gran éxito, ya que el salón de actos de la Casa de la Cultura se quedó pequeño para albergar tal cantidad de público. Durante el acto Xesús Jares

unos minutos ante la buena acogida de los vecinos.

"O Progreso" Por otra banda la Asociación de Vecinos "O Progreso" de Bueu viene gestionando desde hace tiempo ante la empresa eléctrica "Unión Fenosa" una solución para los problemas de cortes de

O CORREO GALEGO

Este Nadal, regala paz

Un cento de escritores, intelectuais, pintores e fotógrafos de todo o mundo colaboran no libro 'Construir a paz', un proxecto da Nova Escola Galega

'Educadores para a Paz', un colectivo de docentes integrados no movemento 'Nova Escola Galega' conseguiu mobilizar máis

un centenar de escritores, intelectuais, pintores, músicos e fotógrafos españois e estranxeiros para participar nun proxecto

editorial, inédito e ambicioso, que ten como obxectivo defende-la cultura da non violencia entre a cidadanía.

7/11/96

III. UN PROXECTO SOLIDARIO

Todos os autores e autoras que participamos no libro, así como os músicos e presentadores e presentadoras que participan nos actos de presentación o fan de xeito **totalmente desinteresado**. Ademais, non só **os autores renunciamos a todo tipo de remuneración ou dereitos de autor/a** senón que co apoio desinteresado da editorial en todas as fases da súa produción **o libro ten un precio moi por debaixo do seu coste real (PVP: 3.950 Pts.)**. O fin desta estratexia é dobre. Por unha banda poñer no mercado un libro «de arte» a un precio case de libro «normal» para que, deste xeito, a cuestión económica non sexa atranco para ninguén. Por outro lado, coas vendas do libro conseguir unha cantidade económica importante para as actividades de solidariedade, que teñen que ver con programas socioeducativos, alfabetización, contrucción de escolas, etc. Concretamente os proxectos que recibimos para seren apoiados son tres:

- Proxecto «Educação para a paz», Guarapuava, Brasil. O obxectivo xeral é «capacitar alumnos de magistério na educación para a paz tanto a nivel

ideolóxico como pedagógico dentro da realidade local, ...».

- Proxecto «Formación de Promotores en derechos humanos», San Salvador, El Salvador. O obxectivo xeral é «Contribuir al fortalecimiento de la sociedad civil y a la democratización del país por medio de procesos educativos, y la formación y especialización de promotores en derechos humanos».

- «Proyecto por una educación nueva en el municipio autónomo 17 de noviembre, Chiapas, México. Objetivo principal del Proyecto: «Poner en marcha un sistema educativo participativo desarrollando la cultura indígena comunitaria».

Ademais destas tres propostas, sempre se indicou desde o comezo do proxecto que unha parte do recaudado sería destinado para algún proxecto socioeducativo en Galicia, aínda sen concretar ata non dispoñer dunha certa cantidade económica.

IV. UN PROXECTO COOPERATIVO

O libro e o proxecto son o resultado do esforzo colectivo e desinteresado de moitas persoas -ensaistas; literatos; artistas plásticos; músicos; periodistas; persoal de Edicións Xerais; ONGs; Asociacións culturais; Colectivos ecoloxistas; concellos; entidades diversas; asociados e asociadas de Nova Escola Galega; e moitas persoas a título individual que en diversas facetas colaboraron e están a colaborar con este Proxecto.

Ademais de preveer unha forte presenza nos medios de comunicación, estase artellando unha rede de apoio ao libro coa misión de divulgar as ideas e valores deste proxecto. Así, por exemplo, nas cidades de A Coruña e Vigo fixéronse diversas xuntanzas con ONGs locais para explicarlles o proxecto e solicitar a súa colaboración.

XI ENCONTRO GALEGO E IV GALEGO-PORTUGUES DE EDUCADORES POLA PAZ. Mosteiro de Poio (Pontevedra), 18 - 20 de abril.

Desde as páxinas do **NOVAPAZ** convocamos a cita anual de todas as persoas que nos identificamos cos presupostos ideolóxicos e didácticos dunha educación para a paz. Como é sabido, desde fai tres anos e como froito da nosa colaboración «institucional» cos nosos colegas portugueses, os Encontros fanse un ano alén Miño e ó seguinte na Galiza, levando á práctica na súa propia organización un proxecto intercultural e transfronteirizo. Este ano corresponde organizalo no noso país e, dentro del, á provincia de Pontevedra. Despois das consabidas pesquisas o lugar elixido é o

incomparable marco do mosteiro de Poio, en plenas Rías Baixas, a seis kms. de Pontevedra capital pola estrada en dirección a Combarro e Sanxenxo. Como en edicións anteriores a convocatoria está aberta a todas as persoas e grupos de Galicia, resto do Estado español e de Portugal que queiran presentar as súas experiencias, propostas, materiais, etc., sen esquecermos do que xa é tradicional e xenuino desta convocatoria: unha invitación para encontrarnos e compartir (experiencias, propostas, xogos, ilusións, etc.) e, con elo, «cargar pilas».

DATAS DE CELEBRACION:

18, 19 e 20 de abril de 1997

LUGAR:

Mosteiro de POIO (Pontevedra).

ORGANIZA:

Educadores pola Paz-Nova Escola Galega, Movemento dos Educadores para a Paz de Portugal (MEP); NEP-Viana do Castelo (Portugal) e Dto. de Pedagogía e Didáctica da Universidade da Coruña.

PROGRAMA (Avance):**Venres, día 18 de abril:**

- 16,00 h. Recepción, aloxamento, entrega de documentación.
- 18,00 h. Xogos cooperativos.
- 19,00 h. Apertura, Boas vindas.
- 19,15 h. **Mesa redonda.** «¿O papel dos medios de comunicación na construción da paz». Intervenían periodistas de medios galegos e portugueses.
- 21,00 h. Cea/Jantar.
- 22,00 h. Salutación-presentación dos grupos e organizacións presentes no Encontro. Xogos cooperativos. Videos.

Sábado, día 19 de abril:

- 08,30 h. Almorzo (pequeno almoço)
- 09,30 h. Presentación do **tema de debate** deste ano: «**Neoliberalismo e educación**». Ponente **Jurjo Torres Santomé** (Catedrático de Didáctica da Universidade da Coruña. Autor de diversos artigos e libros, entre éste últimos reseñamos **El currículum oculto**).
- 10,30 h. Aclaración de dúbidas, preguntas (En gran grupo).
- 11,00 h. Pausa, café.
- 11,15 h. Traballo, reflexión en grupos simultáneos sobre o tema de debate.
- 13,00 h. Conclusións, posta en común (Gran grupo).
- 14,00 h. Xantar (Almoço).
- 16,00 h. **Presentación simultánea de experiencias.**
- 17,45 h. Pausa, café.

18,00 h. Presentación do Proxecto-libro "Construir a paz. Cultura para a paz".

18,30 h. **Talleres/Oficinas simultáneos.** Cada asistente deberá inscribirse nun só taller que terá dúas sesións, sábado e domingo. Os talleres que se ofertan este ano son: Literatura e paz; Xogos cooperativos e de simulación na construción de grupo; Interlínguas: educación intercultural; Desenvolvemento persoal e social; Danzas do mundo; Mediación de conflitos.

21,00 h. Cea/Jantar.

22,00 h. Gran Festa pola Paz.

Domingo, día 20 de abril:

- 09,00 h. Almorzo (pequeno almoço)
- 10,00 h. Continuación dos obradoiros/Oficinas simultáneos.
- 11,45 h. Pausa, café.
- 12,00 h. Asamblea xeral. Avaliación e Conclusións do Encontro.
- 13,30 h. Foto da paz.
- 14,15 h. Xantar (Almoço). Clausura/Encerramento do Encontro.

EXPOSICION E VENDA DE MATERIAIS:

Durante o ENCONTRO haberá **exposición de materiais** dos escolares e venda de materiais alternativos. As persoas/grupos que queiran desenvolver unha destas actividades deben comunicalo á organización para reservar o sitio.

PRECIO:

- a) Socios de NEG e do MEP; estudantes e parados, **Matrícula máis pensión completa todo o fin de semana en habitacións dobles: 14.000 Pts. (16.500 \$)**
- b) Resto: **Matrícula máis pensión completa todo o fin de semana en habitacións dobles: 15.000 Pts. (18.000 \$)**

INSCRIPCIONS:

Prazas limitadas.

A) **Para as persoas da Galiza e resto do Estado español:** Enviar os datos persoais, xunto coa fotocopia do xustificante da transferencia bancaria a: Educadores pola Paz. Apdo. 577. VIGO (Pontevedra). España.
Nº DE CONTA DE EDUCADORES POLA PAZ: 04.019453.5 de Caixavigo (Oficina principal) en Vigo.

B) **Para as persoas de Portugal:** a) Transferencia bancaria en pesetas á mesma conta de educadores pola Paz de Vigo, ou b) cheque cruzado en nome de «Núcleo de Educadores pola Paz de Viana do Castelo» xunto coa ficha de inscrición para Jornal «A página». Rúa D. manuel II, 51-2º andar, Sala 25. 4050 PORTO (portugal). Para máis información chamar ao nº de tfno: 607 05 00 do PORTO. Fax: 607 05 95.

PRESENTACION DE EXPERIENCIAS:

As persoas ou grupos que presenten experiencias deberán **enviar un resumo da mesma**

nun máximo de dous folios para entregar aos asistentes (Prégase acompañalo con soporte informático en WP.5.1), xunto cos seus datos persois e o material que precisan para a súa exposición. DATA TOPE DE ENTREGA: 1 de abril do 97.

CERTIFICADO ASISTENCIA:

ACTIVIDADE HOMOLOGADA POLA CONSELLERIA DE EDUCACION POR UN TOTAL DE 20 HORAS. Entregarase Certificado de asistencia oficial aos asistentes por valor de 20 horas de formación, así como aos que presenten experiencias/comunicacións.

XI ENCONTRO GALEGO - IV GALEGO/PORTUGUES DE EDUCADORES POLA PAZ

FICHA DE INSCRIPCION

Nome e apelidos:

Domicilio:

Cidade:..... C.P.:..... Tfno.:.....

Centro de traballo:

Area ou materia que imparte:

Vas presentar algunha experiencia/comunicación?

En caso positivo sinalar o título e a temática.....

.....

Compartirei aloxamento con:

¿Recibes o Boletín Novapaz? Socio/a de:.....

OBSERVACIONES:.....



EDUCADORES/AS POLA PAZ

Apartado 577 - VIGO
(Pontevedra)

Dep. Legal: Vg. -457 -90
Imprime: FEITO, S.L. Hernán Cortés, 13-15 Int. - VIGO

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

